	<p>Cumpríranse estritamente as medidas de prevención, distanciamento e aforos que correspondan nese momento.</p> <p>Estas celebracións poden ter lugar dun xeito diferente, e correspóndlles aos diferentes equipos docentes a organización delas baixo estas premisas:</p> <ul style="list-style-type: none">○ Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel, polo que é factible facer celebracións en quendas.○ Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.○ Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.○ Emprego de medios telemáticos cando sexa preciso. <p>En canto a actuacións no propio centro, poderán levarse a cabo sempre que as quendas respecten o aforo e se respecten as normas de hixiene e ventilación entre actos.</p> <p>As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre.</p>

Id.	Medidas para o alumnado transportado
------------	---

40.	Medidas

Id.	Medidas de uso do comedor
------------	----------------------------------

41.	Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado
	<ul style="list-style-type: none">- Xúntase protocolo elaborado pola empresa Jardanay, que é a que ten co contrato do servizo de comedor xestionado pola ANPA.



42.	Persoal colaborador
-	Serán 2 monitoras as encargadas do servizo de comedor.

43.	Persoal de cociña
-	Catering

Id.	Medidas específicas para o uso doutros espazos
------------	---

44.	Aulas especiais, ximnasia, pistas cubertas...
	<ul style="list-style-type: none">• O ximnasio e o pavillón deben ofrecer as mesmas garantías de seguridade que as aulas convencionais. Deste xeito, terán a mesma dotación que as aulas convencionais (dispensadores de xel, papeleiras de pedal e panos desbotables) que permita realizar as rutinas de limpeza antes, durante e ao finalizar a sesión.• Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica. Para garantir que este tempo se cumpre, os docentes de música e EF irán a buscar ao alumnado á súa propia aula e realizarán alí unha primeira explicación do que se vai levar a cabo na sesión.• Os vestiarios empregaranse unicamente ao finalizar a sesión, e organizando quendas en caso de ser necesario.

46.	Educación física
	<ul style="list-style-type: none">• Tomando como referencia os protocolos FISICOVID das federacións galegas de fútbol e baloncesto, que elaboraron conxuntamente coa Secretaría Xeral para o Deporte, e xunto coas normas xerais reflectidas nesta adaptación, propoñemos as seguintes normas específicas para a materia de educación física:• Medidas xerais de limpeza de superficies e material:• Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mesturar produtos diferentes.• Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.• Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcolícos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.• Realizar tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida





do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.

- Disporase de papeleiras pechadas e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambie alo menos unha vez ao día.
- Medidas para os axentes que participen na práctica deportiva:
 - Evitar lugares concorridos.
 - Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
 - Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Iso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao tusir ou esbirrar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Realizar un auto test durante a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: Noto moita temperatura corporal, tose ou falta de alento?.
- Medidas organizativas:
- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes. Cando ese material vaia ser empregado en dúas sesións consecutivas, deixarase un tempo para que a actuación dos produtos desinfectantes sexa efectiva, polo que ao inicio das sesións non se debe empregar ese material
- Para o inicio das sesións aconséllanse actividades de execución individual, encaixando neste ámbito as coordinativas e de equilibrio, rítmicas ou de expresión corporal.
- Cando se traballe en pequenos grupos, respectar os equipos formados na aula.
- Puntualmente, en xogos nos que sexa imposible evitar o contacto e a distancia, uso de máscara.
- Deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal e utilizar máscara, salvo no momento da sesión. Cando non se utilice, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira e transmita o coronavirus
- Sempre que sexa posible, os alumnos, durante a práctica deportiva deberán manter a distancia de seguridade interpersoal

46. Cambio de aula

A norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais, ou que deba de facelo para poder cursar a materia que se imparte en outra aula.

- Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.



- A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.
- Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

47. Biblioteca

Establecerase un horario de atención na biblioteca, atendida polo profesorado que estea de garda en cada momento.

En caso de poder usala na súa función normal:

- A biblioteca poderá ser usada de acordo cos aforos permitidos segundo así o establezan as autoridades sanitarias.
- O horario de funcionamento prevese para un intervalo desde as 10.10 ata as 13.10 horas, establecendo nese intervalo profesorado de garda na mesma.
- O protocolo de acceso á mesma será o xeral establecido para o acceso ó resto de dependencias do centro.
- O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.
- O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles.
- Ao rematar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.
- Préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas destinadas a esas devolucións. Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.
- Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

48. Aseos

- O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.
- Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída.
- O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado unicamente poderá usar un dos aseos máis próximos á entrada do centro- ubicados na planta baixa-.
- No caso de alumnado con NEE, o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as protección individuais axeitadas.



Id. Medidas especiais para os recreos

49. Horarios e espazos

- Realizarase un recreo único de 11 a 11.30 horas.
- Crearanse 4 zonas diferenciadas que garantan que cada nivel pode ter un espazo de recreo no que se respecte a distancia social:
 - 1. Pavillón
 - 2. Ximnasio
 - 3. Pista exterior cuberta
 - 4. Pista exterior descubertaAs zonas serán asignadas de xeito rotatorio aos diferentes niveis educativos.

Respectarase sempre a distancia persoal e non poderán mesturarse con outros grupo. Está permitido o uso do balón, sempre seguindo as instrucións do profesorado de garda.

Os grupos que se atopen na pista exterior e pista cuberta sempre serán os primeiros en volver ás aulas.

Uso dos aseos: segundo corresponda polo andar onde debe atoparse o alumnado.

Non se poderá facer ningún outro percorrido polo centro do que está marcado.

- Os días de chuvia o alumnado permanecerá na súa aula ou nos espazos interiores amplos (descansillos e similares) habilitados para tal fin, e, usando máscara, permitirase a interacción entre mesmos de diferentes grupos dentro da mesma aula. Aumentarase a ventilación da aula, e as xanelas permanecerán abertas na posición batente durante todo o recreo. Tamén se poderá empregar a polideportiva e o ximnasio, en caso de non chover moito a pista cuberta.



	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º ESO	PAVILLÓN Acceso: a través do hall, baixando polas escaleiras do seu corredor	PISTA CUBERTA Acceso: facendo un L polo corredor ata o escaparate, e de aí á pista cuberta	XIMNASIO Acceso: a través do hall, baixando polas escaleiras do seu corredor	PISTA DESCUBERTA Acceso: facendo un L polo corredor ata o escaparate, e de aí á pista descuberta	ESPazos ROTATIVOS DE ACORDO CO CALENDARIO ESTABLECIDO
2º ESO	PISTA CUBERTA Acceso: facendo un L polo corredor ata o escaparate, e de aí á pista cuberta	PAVILLÓN Acceso: a través do hall, baixando polas escaleiras do seu corredor	PISTA DESCUBERTA Acceso: facendo un L polo corredor ata o escaparate, e de aí á pista descuberta	XIMNASIO Acceso: a través do hall, baixando polas escaleiras do seu corredor	
3º ESO	XIMNASIO Acceso: baixan as escaleiras polo patio central, e de aí ao ximnasio	PISTA DESCUBERTA Acceso: desde o seu andar, ata a rampa do parking	PAVILLÓN Acceso: baixan as escaleiras polo patio central, e de aí ao ximnasio	PISTA CUBERTA Acceso: desde o seu andar, ata a rampa do parking e de aí á pista	
4º ESO	PISTA DESCUBERTA Acceso: desde o seu andar, ata a rampa do parking	XIMNASIO Acceso: baixan as escaleiras polo patio central, e de aí ao ximnasio	PISTA CUBERTA Acceso: desde o seu andar, ata a rampa do parking e de aí á pista	PAVILLÓN Acceso: baixan as escaleiras polo patio central, e de aí ao ximnasio	
1º BAC	PODEN SAÍR FÓRA Baixan e suben do recreo polas escaleiras que dirixen ao corredor da biblioteca, e desde aí ao exterior do centro				
2º BAC					
CCFF	PODEN SAÍR FÓRA Baixan e suben do recreo polas escaleiras que dirixen ao patio centar, e desde aí ao exterior do centro				



50.	Profesorado de vixilancia
Cada zona terá 2 persoas de garda e os aseos 1. Procurarase que o profesorado de garda imparta clase no nivel no cal esta vixiando para que poida coñecer ao alumnado.	

Id.	Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria
------------	--

51.	Metodoloxía e uso de baños

52.	

Id.	Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres
------------	--

53.	Emprego do equipamento
<p>No caso de aulas de desdobre, ou informática extremarase os protocolos de limpeza por trátarse de aulas de uso máis compartido.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas. ▪ O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicarase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo. ▪ En cada unha das materias adaptarase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. ▪ As aulas de informática están dotadas de mamparas, para os casos nos que non poida manterse unha distancia de seguridade de 1,2m. 	

Id.	Medidas específicas para alumnado de NEE
------------	---

54.	Medidas
<ul style="list-style-type: none"> • Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula ao igual que todo o alumnado. No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas. 	



- O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade.
- No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.
- O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado poida precisar para a súa atención.
- O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.

55. Medidas e tarefas. Seguimento

- Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula. No caso de non poder facer uso da mesma optárase polo uso de pantallas e mamparas, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula.
- Seguiranse as pautas e o protocolo fixado en cada aula nas intervencións nas aulas ordinarias. Deberanse extremar as medidas de seguridade mediante o uso de equipos de protección individual como: máscara (recoméndase a FFP2), Pantalla facial /gafas de protección/ máscara transparente. Este mesmo equipo pode utilizarse nas sesións nas aulas de apoio. De ser preciso realizalas de forma presencial, faranse utilizando as máscaras e mantendo unha distancia de 1,2 metros nos espazos destinados no centro para tal fin, nunca na aula de apoio.
- As reunións do Departamento de Orientación realizaranse seguindo as medidas recollidas no Protocolo de seguridade de adaptación á COVID 19 e nas NOF do centro (uso máscaras, separación 1,2 metros ou videochamadas). Fixarase o aforo máximo que permita o respecto das medidas de seguridade. De ser necesario, existirán marcas nas mesas que sinalen os lugares que poidan ser usados.
- Nas portas do DO e das aulas de apoio poñerase información visual indicando o aforo máximo e as normas de hixiene da dependencia
- Dixitalizaranse o maior número de documentos posible, para evitar a xeración de documentos en formato papel. ▪ No caso de recepción de documentación en formato papel no DO establecerase un sistema de corentena (mínimo dous días).
- Os bolsos, maletíns ou mochilas colgaranse en perchas evitando deixalos no chan ou sobre outras superficies susceptibles de estar infectadas.
- Rematado o horario escolar, todas as mesas quedarán libres de materiais (a excepción das bandexas individuais) para proceder a unha correcta desinfección; extremarase a limpeza naquelas zonas que estivesen en máis contacto coas persoas.



- O alumnado con NEE que non controla esfínteres utilizará o baño para persoas con discapacidade da planta primeira. Nos baños está todo o material que se precise para o aseo e cambio do alumnado.
- Extremaranse as medidas de hixiene persoais no aseo do alumnado: uso de máscara, luvas, limpeza de mans antes e despois do aseo (tanto do alumando como da ATE), papeleiras con tapa e pedal, limpeza frecuente dos aseos.
- Intensificarase a limpeza e a desinfección de instalacións e superficies.
- Trasladaranse ao alumnado as medidas tomadas a nivel de centro e aula
- **ATENCIÓN ÁS FAMILIAS**
- Sempre baixo cita previa, procurase realizar as titorías e as comunicacións coas familias a través do teléfono, correo electrónico e/ou Webex.
- De ser preciso realízasas de forma presencial, faranse utilizando as máscaras e mantendo unha distancia de 1,2 metros nos espazos destinados no centro para tal fin, nunca na aula de apoio.
- As comunicacións colectivas do Departamento de Orientación trasladaranse ao equipo directivo para a súa publicación na páxina web do centro, ao tempo que se fará igualmente na Aula Virtual do departamento

Id. Previsións específicas para o profesorado

56. Medidas

- **Reunións:**
- A tendencia será que a maior parte das reunións sexan realizadas de forma telemática, no obstante cando as condicións o requiran e se deban de realizar presencialmente :
 - ☒ Para aquelas que impliquen a participación de todo o profesorado empregaranse o salón de actos, xa que ten as dimensións axeitadas para manter unha distancia social axeitada.
 - ☒ As reunións dos diferentes equipos docentes terán lugar na sala de xuntas (sempre que participe un número inferior a quince persoas).
 - ☒ Para as reunións de equipos de nivel ou ciclo empregaranse unha das aulas desde nivel ou ciclo, coas medidas de seguridade reflectidas neste plan.
- **Sala do profesorado:**
- O aforo máximo será do 75% da mesma.
- Deberá de empregarse máscara e gardar sempre a distancia de seguridade
- Realizarase unha ventilación adecuada da mesma.
- Na sala haberá dispensador de xel e panos desbotables, así como unha papeleira con tapa.
- Será responsabilidade individual dos usuarios dos ordenadores a limpeza e desinfección dos equipos de traballo con xel hidroalcolico. Na sala haberá dispensador de xel e panos desbotables, así como unha papeleira con tapa.



57.	Órganos Colexiados
	<ul style="list-style-type: none"> • Reunións dos órganos Colexiados: A tendencia será que a maior parte das reunións sexan realizadas de forma telemática, no obstante cando as condicións o requiran e se deban de realizar presencialmente <ol style="list-style-type: none"> 1. Claustro: levaranse a cabo no salón de actos nas condicións expostas no punto anterior. 2. Consello escolar: neste caso empregarase a salón de actos 3. Comisión de Coordinación Pedagóxica : usarase o salón de actos.

Id.	Medidas de carácter formativo e pedagóxico
------------	---

58.	Formación en educación en saúde
	<p>O equipo COVID debe asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa. • Comunicarase (incluída a publicación na web) a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir. • Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias. • Diseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte á COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Asemade, estas actividades débense incluír de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose no centro educativo, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral. A tal efecto, desenvolveranse iniciativas innovadoras para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable nos centros educativos a través da materia de libre configuración autonómica “Promoción de estilos de vida saudables” na etapa secundaria obrigatoria. • Xornada de presentación: Visionado da presentación aloxada na páxina web do centro: medidas de prevención e seguridade no centro, entradas e saídas ao centro, organización dos recreos, uso axeitado da máscara, hixiene das mans e distancia de seguridade • Sesións de titoría: Recordatorio de medidas de prevención e hixiene. Reflexión sobre a posta en marcha co fin de introducir melloras na xestión diaria. • Nas materias específicas do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía (Cultura Científica, Promoción de estilo de Vida Saudable....) propoñeranse actividades relacionadas co coñecemento dos virus, infección, transmisión... en especial do SARS-COVID-2.



- Os membros do equipo COVID preparan materiais para a súa difusión nas titorías e a disposición do profesorado...

59. Difusión das medidas de prevención e protección

- A través da páxina web do centro
- Das redes sociais
- Calquera canle de comunicación que facilite a súa divulgación: radio, prensa, tv...
- Do mesmo xeito, facilitarase o acceso a documentación e charlas formativas de interese.

60. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais

Todo o profesorado do centro ten ou está en fase de adquirir unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais e plataformas similares.

- En calquera caso, o coordinador do equipo TICs será o responsable do traballo de mantemento da aulas
- O Coordinador da aula virtual responsabilízase da mesma (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica),
- O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICs, polo que non supón ningún cambio.

Docente	Cargo
Juan Carracedo Vázquez	Coordinador TIC
M ^a Angeles Rama Varela	Coordinadora Aula Virtual

61. Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso”

- Co fin de que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensino e aprendizaxe en calquera dos posibles escenarios e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas, teranse en conta os seguintes aspectos na planificación educativa:
 - A partir da información da finalización do curso 2020/21 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares que determinen os equipos docentes e os departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensino e aprendizaxe de todo o alumnado.
 - A aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de varias competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.



- O emprego dunha metodoloxía didáctica e de recursos que permitan o deseño de actividades educativas que se poidan desenvolver de forma presencial e, de ser o caso, non presencial, ademais de ter un carácter práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel de competencia acadado polo alumnado, adecuándose ás modalidades de ensino presencial e, de ser o caso, non presencial.
- As adaptacións necesarias que a docencia non presencial poida requirir.
- A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

62. Difusión do plan


- Páxina web do centro.



ANEXO I: PLANOS AULAS




AULA TIPO: 30 POSTOS – distancia de 1,2m medida desde o centro das cadeiras



*Nos grupos cun número de postos superior a 30, elixiranse aulas que permitan a súa ocupación mantendo en todo caso a distancia mínima de 1,2m.



AULA INFORMÁTICA
TIPO: 30 postos,
separados con
mamparas





ANEXO II

DOCUMENTOS CONTROL LIMPEZA

ASEOS

LUNS	HORA	HORA	HORA	HORA	HORA	HORA
NOME						
Sinatura						
MARTES	HORA	HORA	HORA	HORA	HORA	HORA
NOME						
Sinatura						
NOME	HORA	HORA				
Sinatura						
MÉRCO- RES	HORA	HORA	HORA	HORA	HORA	HORA
NOME						
Sinatura						
XOVES	HORA	HORA	HORA	HORA	HORA	HORA
NOME						
Sinatura						
VENRES	HORA	HORA	HORA	HORA	HORA	HORA
NOME						
Sinatura						